

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O APOIO E REFORZO DA SEGURIDADE NO COMPLEXO CATEDRALICIO.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2021

Reunidos

Dunha parte, D., vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D., na súa condición de Apoderado Xeral da S.A.M.I. Catedral de Santiago, en virtude do nomeamento efectuado ante notario con data 27 de abril de 2015.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da

Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do Patrimonio mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle no sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

A estes efectos a S.A.M.I Catedral de Santiago ten subscrito un convenio coa Fundación Carretas, en virtude do cal aquela asume a xestión dos usos do antigo asilo da rúa Carretas como Centro internacional de acollida aos peregrinos, o cal depende directamente da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela.

Terceiro.- Que a consideración deste 2021 como Ano Santo, cunha distancia temporal de once anos con respecto ao anterior (2010), converte ao Xacobeo 2021-22 nun acontecemento excepcional e de transcendencia global que producirá unha afluencia peregrina moi importante, ligada ao espírito e á celebración do Xacobeo, o que implicará a necesidade de reforzar o persoal de seguridade na Oficina de Atención ao Peregrino, onde está previsto unha maior concentración de persoas. As cifras de peregrinos chegados a Santiago nos meses estivais reforza a idea de que o Camiño de

Santiago sobrevive á crise xerada pola covid-19. A afluencia de peregrinos medra en todas as rutas e, debido a grande afluencia que está a haber de peregrinos a Santiago de Compostela, faise preciso incrementar a contratación de persoal de seguridade oficina do Peregrino para axilizar a atención aos mesmos e evitar aglomeracións, ampliando os horarios de funcionamento.

Cuarto.- Que con data 9 de xullo de 2021 asinouse o acordo entre a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Axencia de Turismo de Galicia da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para colaborar no apoio ás actuacións que garantan a celebración do ano santo xacobeo en condicións de seguridade óptimas.

O obxecto do acordo é establecer a forma e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Axencia de Turismo de Galicia para levar a cabo as actuacións que garantan a celebración do Xacobeo 21-22, na anualidade 2021, en condicións de seguridade óptimas dada a situación sanitaria actual.

Quinto.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que a Catedral é a única que pode realizar as actuacións obxecto deste convenio de colaboración, así mesmo ten a competencia exclusiva no funcionamento da oficina do peregrino e expedición da Compostela e da Catedral, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para o reforzo do persoal de seguridade necesario na oficina de atención ao peregrino e no edificio modernista durante o ano Santo Xacobeo 2021.

A actuación de reforzo do persoal de seguridade na Oficina do Peregrino será executada pola SAMI Catedral de Santiago de Compostela mediante empresas de seguridade privada.

SEGUNDA.- ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

O orzamento estimado para a execución das actuacións previstas neste convenio ascende a **48.568,12 €**, que se distribúen do seguinte xeito:

Vixilancia Oficina del Peregrino	8.914,58 €
Auxiliares Oficina del Peregrino	39.653,54 €
TOTAL ORZAMENTO	48.568,12 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actuacións que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.481.0, proxecto 2015 00006 "Promoción e potenciación do turismo" cunha achega de **48.568,12 €**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento das subvencións a favor da entidade, unha vez que esta entidade presente a documentación xustificativa establecida na cláusula sétima e se comprobe a axeitada xustificación.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2021. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1) A Catedral de Santiago obrígase a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio e o cumprimento da súa finalidade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 21.22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que resulten aplicables.

2) A Axencia Turismo de Galicia obrígase a realizar a achega económica establecida na cláusula segunda, como concesión directa dunha subvención á Catedral de Santiago para a realización das actuacións previstas neste convenio de colaboración.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto houberase realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca do Xacobeo 21.22.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a entidade deberá presentar os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 10 de decembro de 2021.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas nos orzamentos estimados na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **de ata un 80 % sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 €.**

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Decreto que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu

pagamento, a Catedral de Santiago deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

A Catedral de Santiago está exenta da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4 f) do citado Decreto 11/2009.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Catedral de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen

personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio

POLA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

POLA CATEDRAL DE SANTIAGO

O presidente de Turismo de Galicia

Apoderado Xeral da S.A.M.I.Catedral
de
Santiago

D.

D.